

RESOLUCIÓN DA XERENCIA, DO 22 DE DECEMBRO DE 2022, POLA QUE SE REGULA O PROCEDIMENTO DE ELABORACIÓN E XESTIÓN DAS LISTAS DE AGARDA PARA A COBERTURA PROVISORIA DE POSTOS DE TRABALLO DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

A Resolución reitoral do 15 de xullo de 2011 regulou o procedemento para a cobertura temporal de postos de traballo do persoal de administración e servizos (PAS) da Universidade da Coruña (UDC) constituíndose así as correspondentes listaxes de agarda. Estableceuse pois, un procedemento regrado de cobertura temporal conforme os principios de publicidade, mérito e capacidade.

Con posterioridade ditouse a Resolución da Xerencia, do 2 de xuño de 2016, que regulou o procedemento para a cobertura temporal de postos de traballo do PAS da UDC.

Despois destes anos e de modificacións administrativas e en materia de persoal, ditouse a resolución do 30 de xuño de 2020 para consolidar nun texto esas modificacións e incorporar outras que mellorasen a xestión e a eficiencia de xestión na UDC.

O artigo 129 da lei 39/2015 establece os principios de actuación das administracións públicas como son o principio de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia na xestión dos recursos públicos. A mellora de emprego amosouse na práctica, como un quebranto para a organización e o bo funcionamento dos servizos da UDC; estanse a producir prexuízos na prestación do servizo público que se presta, alongando a provisión dos efectivos que esta precisa, ás veces de forma urgente. Por isto propónse modificar o artigo 5º eliminando as melloras de emprego e establecendo as causas de baixa nas listaxes.

A xestión diaria da listaxes de agarda amosou a necesidade de modificar outros aspectos da súa tramitación para dotala da necesaria axilidade, evitar dilixencias innecesarias e seguir garantindo a actuación pública o rigor da contratación conforme a normativa aplicable. Por este motivo propónse a modificación do artigo 2º relativo á tramitación e vixencia das listaxes de agarda, propoñendo a constitución unha vez que rematen os procesos selectivos que orixinan as listaxes de agarda. Tamén se propón a modificación do artigo 3º coa a creación dunha listaxe única que axilice o proceso de cobertura de postos.

Bótase en falta a incorporación de medios electrónicos na xestión da listaxe que axude a simplificar trámites, reducir tempos e aforrar custos. Isto dotaría o proceso de maior transparencia ofrecendo unha información áxil, puntual e

Código Seguro De Verificación	0Zzq775y/ZzsHQ6mHwbzDw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	22/12/2022 11:49:15
Observacións		Páxina	1/8
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/0Zzq775y/ZzsHQ6mHwbzDw==">https://sede.udc.gal/services/validation/0Zzq775y/ZzsHQ6mHwbzDw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



actualizada a todo o persoal interesado nos procesos. Prevese neste novo texto a implantación dun sistema electrónico de xestión.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

#### Artigo 1º Obxecto e ámbito de aplicación

O obxecto desta norma é regular a cobertura con carácter temporal dos postos de traballo do PAS da UDC, mentres non procedan ser ocupados por un/unha funcionario/a de carreira.

Constituiranse as listaxes de agarda, tras as distintas convocatorias de ingreso, mediante oposición ou concurso-oposición, quedando excluídas unicamente as convocatorias de promoción interna.

A participación en distintos procesos selectivos dará dereito a figurar simultaneamente nas respectivas listaxes de agarda.

#### Artigo 2º Tramitación e vixencia

A oferta de prazas das listaxes virá dada logo das peticións que realicen os centros ou servizos para cubrir aqueles postos que o soliciten, mediante un escrito motivado, que resolverá a Xerencia.

A orde de provisión de prazas con funcionarios/as interinos/as virá dada pola orde de entrada das solicitudes no Servizo de PAS, unha vez autorizadas pola Xerencia. A xerencia poderá alterar esta orde para cubrir os postos da unidades nas que soamente haxa un efectivo e cuxa cobertura non sexa susceptible de espera.

As listaxes de agarda quedarán constituídas ao remate dos procesos selectivos correspondentes, unha vez que se realice o nomeamento do persoal funcionario que superou o proceso selectivo.

Porén, poderán constituírse antes ou despois do establecido no parágrafo anterior por necesidades motivadas de urxencia ou organización, previo acordo cos órganos de representación do PAS.

As ditas listaxes publicaranse na páxina web da UDC (Servizo de PAS) e actualizaranse semanalmente, se houber cambios. Perderán a súa vixencia non momento en que se constituán unhas novas.

Todos os procesos selectivos da UDC, excluindo as promocións internas, recollerán nas súas bases a obriga de constituír listaxes de agarda. Os procesos de consolidación xerarán listaxes de agarda adicionais, que se usarán cando se esgoten as listaxes de agarda xeradas ao remate dos procesos ordinarios de selección.

Código Seguro De Verificación	0Zzq775y/ZzsHQ6mHwbzDw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	22/12/2022 11:49:15
Observacións		Páxina	2/8
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/0Zzq775y/ZzsHQ6mHwbzDw==">https://sede.udc.gal/services/validation/0Zzq775y/ZzsHQ6mHwbzDw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



### Artigo 3º Selección e puntuación das persoas aspirantes

De acordo coas distintas convocatorias de procesos selectivos cada persoa terá tres opcións para elixir:

- Campus da Coruña
- Campus de Ferrol
- Ambos os dous campus

Constituirase unha única listaxe de agarda na que só se valorarán os exercicios que teñan cualificación numérica.

En primeiro lugar incluíranse as persoas que tras superar todos os exercicios da fase de oposición non obtiveran praza. A prelación virá dada pola suma da puntuación obtida en todos os exercicios superados e sumaráselle a puntuación obtida na fase de concurso.

A continuación incluíranse todos os demais aspirantes, que superasen a lo menos un exercicio con calificación numérica, ordenados polo número de exercicios superados; dentro desta orde, a prelación virá dada pola suma das cualificacións obtidas nos exercicios realizados (superados e non superados).

No caso de esgotarse a devandita listaxe, a Comisión de Listaxes de Agarda, constituirá unha nova cos/as opositores/as que, aínda que non superasen ningún exercicio do proceso selectivo, obtivesen no primeiro exercicio con calificación numérica unha puntuación igual ou superior ao 40% da máxima establecida para o dito exercicio ou calquera outra porcentaxe acordada coa Xunta de Persoal. Esta listaxe terá un límite de tres anos no que se convocará o correspondente proceso selectivo.

No caso de empate, este dirimirase pola antigüidade na UDC, no mesmo corpo ou escala da listaxe en cuestión e, de persistir, o desempate farase por orde alfabética a partir da letra resultante do sorteo da consellería competente coincidente coa publicada no DOG o mesmo ano da convocatoria.

Cando se solicite cubrir unha praza dun corpo ou escala na que estea esgotada a correspondente listaxe de agarda ou esta non exista, a Xerencia solicitaralle á persoa responsable da unidade, que demandou a dita cobertura, un informe motivado indicando a listaxe (ou área da mesma listaxe) da que se podería por afinidade efectuar o chamamento. A Xerencia remitiralle este informe á Xunta de Persoal para a súa conformidade.

Código Seguro De Verificación	0Zzq775y/ZzsHQ6mHwbzDw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	22/12/2022 11:49:15
Observacións		Páxina	3/8
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/0Zzq775y/ZzsHQ6mHwbzDw==">https://sede.udc.gal/services/validation/0Zzq775y/ZzsHQ6mHwbzDw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Esta listaxe será a que se utilice para novos chamamentos para a cobertura de prazas correspondentes á listaxe de agarda esgotada.

Cando non existan listaxes de agarda nalgún corpo ou escala da UDC conforme ao disposto anteriormente, convocaranse procesos de selección; excepcionalmente, enviarase oferta ao Servizo Público de Emprego, tras a valoración da situación por parte da Comisión de Listaxes de Agarda, nos que estarán garantidos os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. Terán prioridade as listaxes resultantes do proceso selectivo.

Estes procesos resolveraos unha comisión composta pola persoa titular da Xerencia ou persoa en quen delegue, que ostentará a presidencia, un/ha vogal proposto/a pola Universidade e dous/dúas propostos/as pola Xunta de Persoal. A secretaria será nomeada pola Universidade e actuará con voz e sen voto.

#### Artigo 4º Procedemento

Os chamamentos faranse de acordo coa orde que resulte do indicado no artigo 3º.

No caso de ser necesaria a cobertura de prazas ofertaráselle á persoa que acredite maior puntuación na listaxe, sempre que non estea ocupando outra praza na mesma listaxe.

No caso de que unha persoa, que se atope traballando na UDC, noutra Administración pública, nunha empresa privada ou por conta propia, rexeite a oferta dunha praza non se lle ofertará ningunha outra da mesma listaxe ata que volva a estar dispoñible na listaxe correspondente. Para estes efectos, deberá comunicar ao Servizo de PAS a súa dispoñibilidade na listaxe.

No caso de se esgotaren as/os candidatas/os nunha das opcións solicitadas (A Coruña ou Ferrol), comezarse a chamar o resto de aspirantes pola súa orde na listaxe, aínda que non riscasen esa opción, sen que a renuncia ao posto ofertado neste caso sexa penalizada. Este chamamento farase só por unha vez. Se destes chamamentos non resultase ningún candidato, a Comisión de Listaxes de Agarda tomará a decisión máis acaída.

As persoas interesadas quedan vinculadas aos datos e opcións de campus que fixesen constar nas súas solicitudes; porén, poderán modificar, mediante un escrito presentado no Rexistro Xeral da UDC, dirixido á Xerencia ou por correo electrónico a [listaxes.agarda@udc.gal](mailto:listaxes.agarda@udc.gal) calquera dato ou a opción do campus da súa solicitude.

O prazo mínimo para solicitar un novo cambio de opción de campus é dun ano, que conta desde a data de presentación da anterior solicitude se a houber. As

<b>Código Seguro De Verificación</b>	0Zzq775y/ZzsHQ6mHwbzDw==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	22/12/2022 11:49:15
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	4/8
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/0Zzq775y/ZzsHQ6mHwbzDw==">https://sede.udc.gal/services/validation/0Zzq775y/ZzsHQ6mHwbzDw==</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



solicitudes de cambio de campus producirán efectos nun prazo máximo de 10 días hábiles desde a súa recepción no Servizo de PAS.

A renuncia a unha oferta suporá a retirada das listaxes, agás no caso de que se xustifique de forma suficiente, e unicamente para os seguintes supostos:

- a) exercicio de representación sindical;
- b) maternidade, paternidade, acollemento ou adopción legal, durante o período de duración do correspondente permiso e/ou licenza;
- c) coincidencia coa celebración de matrimonio ou unión de feito, debidamente acreditados mediante documento público, durante o período de duración do correspondente permiso;
- d) falecemento, accidente ou enfermidade grave de familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, durante o período de duración do permiso e/ou licenza;
- e) ter outro contrato en vigor por outra listaxe de agarda na UDC, en distinta Administración ou nunha empresa privada ou traballando por conta propia;
- f) enfermidade da persoa aspirante, debidamente acreditada;
- g) coidado directo de menores ou maiores afectados por calquera enfermidade grave debidamente acreditada;
- h) coidado directo de menores de 0 a 3 anos ou familiares ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, por razón de idade, enfermidade ou accidente, sempre que se acredite a situación de dependencia ou a necesidade de asistencia por outra persoa
- i) calquera outro de entidade suficiente que a Xerencia e a Xunta de Persoal consideren e que quedará reflectido nesta regulación.

As persoas afectadas por estes supostos quedarán suspendidas temporalmente da listaxe. Cando rematen as causas que motivaron a renuncia e co obxecto de pasar a estar dispoñible novamente no mesmo posto que ocupaba na listaxe, a persoa interesada deberao comunicar e xustificalo documentalmente, por medio dun escrito presentado no Rexistro Xeral da UDC, dirixido á Xerencia ou por correo electrónico a [listaxes.agarda@udc.gal](mailto:listaxes.agarda@udc.gal) ou por calquera outro medio que se dispoña na UDC (por exemplo, no caso de xestión electrónica das listaxes).

#### Artigo 5º Baixas e Renuncias nas listaxes de agarda

Serán causas de baixa ou retirada das listaxes de agarda, as seguintes:

-Renuncia

-Renuncia á oferta ou contrato de traballo vixente ou a unha oferta, sen unha causa xustificada

Código Seguro De Verificación	0Zzq775y/ZzsHQ6mHwbzDw==		Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López		Asinado	22/12/2022 11:49:15
Observacións			Páxina	5/8
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/0Zzq775y/ZzsHQ6mHwbzDw==">https://sede.udc.gal/services/validation/0Zzq775y/ZzsHQ6mHwbzDw==</a>			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



-Non comparecer na sinatura do contrato ou toma de posesión sen causa xustificada e unha vez aceptada a proposta pola persoa interesada.

-De existir dous informes escritos e motivados de falta de idoneidade para os postos desenvolvidos.

-outras causas que poda determinar a Xerencia co acordo da Xunta de PAS

En aras de garantir o disfrute das vacacións de todo o persoal da UDC, e ao abeiro do artigo 50.3 do TREBEP, a renuncia a un posto de traballo que implique remate da relación laboral coa UDC, deberá ser tramitada coa suficiente antelación para que sexa resolta polo Servizo de Pas, quen deberá comprobar que a persoa disfrutou das vacacións devengadas antes da data da solicitude de renuncia.

#### Artigo 6º Mellora de emprego

A renuncia a un posto de traballo suporá a retirada da correspondente listaxe de agarda, agás que o traballador/a se acolla a unha mellora de emprego.

Terá a consideración de mellora de emprego:

- acceso a unha vacante na mesma listaxe, sempre que non se estea ocupando outra vacante, agás por razón de cambio de campus ou de quenda.
- O acceso a un posto vacante, de distinta listaxe, en distinta Administración. Nestes supostos, logo de rematar a dita relación laboral, para volver estar dispoñible de novo na listaxe de agarda e participar en todos os chamamentos que corresponda, a persoa interesada deberao comunicar
- acceso a un posto clasificado de nivel ou grupo superior.

No caso de acceder a un nomeamento en mellora de emprego non se poderá acceder a unha nova mellora deste tipo ata que remate a anterior.

#### Artigo 7º Chamamentos

Dado que a cobertura das prazas que se oferten a través deste procedemento é urxente, as persoas candidatas serán avisadas mediante calquera medio que permita ter constancia do dito aviso; para iso, deben facilitar un teléfono de contacto, preferentemente móbil, que permita a resposta inmediata e, de ser posible, un correo electrónico. É responsabilidade súa teren actualizados os seus datos de contacto.

O chamamento consistirá en tres intentos de contacto en diferentes horas a través de teléfono (chamadas) No caso de non contactar por chamada, farase por SMS ou por correo electrónico facilitados pola persoa interesada, do cal se deixará constancia debidamente dilixenciada polo persoal do Servizo de PAS.

Código Seguro De Verificación	0Zzq775y/ZzsHQ6mHwbzDw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	22/12/2022 11:49:15
Observacións		Páxina	6/8
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/0Zzq775y/ZzsHQ6mHwbzDw==">https://sede.udc.gal/services/validation/0Zzq775y/ZzsHQ6mHwbzDw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



De non obter resposta no prazo máximo dun día hábil desde a realización do envío do SMS ou do correo electrónico, a persoa candidata pasará ao final da listaxe (incluídas as ampliacións).

Artigo 8º Comisión de Listaxes de Agarda

Correspóndelle á Comisión de Listaxes de Agarda as seguintes funcións

- Tomar a decisión sobre a constitución e o peche das listaxes
- Resolver as cuestións de interpretación desta norma
- Tomar acordos sobre a xestión da listaxe
- Resolver as reclamacións presentadas
- Resolver as discrepancias que poidan xurdir entre a Xerencia e a Xunta de Personol ao respecto da aplicación desta resolución.

En calquera caso, reunirase por petición da presidencia ou de dous dos seus membros.

Composición:

Presidencia:

- Xerente/a ou persoa en quen delegue

3 vogais:

- A persoa que ocupe o posto de xefatura de Servizo de PAS
- 2 representantes designados/as pola Xunta de Personol

Secretaría:

- 1 persoa funcionaria de carreira do Servizo de PAS, con voz e sen voto.

#### DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira. As listaxes que estean vixentes na data da presente resolución manteranse en vigor e pasarán a rexerse conforme a esta nova normativa, que non terá en ningún caso carácter retroactivo.

Segunda. As persoas que decaeran dunha listaxe por mor de aceptar un posto de traballo noutra listaxe, serán repostas polo Servizo de PAS no lugar que ocupaban na listaxe da que decaeron, para os efectos de aplicación da mellora de emprego recollida nesta resolución.

Páxina 7 de 8

Código Seguro De Verificación	0Zzq775y/ZzsHQ6mHwbzDw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	22/12/2022 11:49:15
Observacións		Páxina	7/8
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/0Zzq775y/ZzsHQ6mHwbzDw==">https://sede.udc.gal/services/validation/0Zzq775y/ZzsHQ6mHwbzDw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Terceira. Esta resolución entrará en vigor o día da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC e suporá a derogación da anterior normativa reguladora desta materia (Resolución xerencial do 30 de xuño de 2020).

Asinado dixitalmente polo xerente da UDC

<b>Código Seguro De Verificación</b>	0Zzq775y/ZzsHQ6mHwbzDw==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	22/12/2022 11:49:15
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	8/8
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/0Zzq775y/ZzsHQ6mHwbzDw==">https://sede.udc.gal/services/validation/0Zzq775y/ZzsHQ6mHwbzDw==</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

